



CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

MTBO BERGONDO
BOLETÍN 2





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

DESCRIPCIÓN

DATOS TÉCNICOS

PREMIOS

CATEGORIAS

CRONOMETRAXE

MAPA E TRAZADOS

REGULAMENTO

INSCRICIÓN

ORGANIZACIÓN

MEDIO AMBIENTE

COLABORACIÓN E PATROCINADORES





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

PRESENTACIÓN

En Bergondo, A Coruña, terá lugar a **VI PROBA DE LIGA MTBO 25**. Esta proba terá tamén a consideración de Campionato Xunta Galicia en distancia media.

O evento organizado polo club Gallaecia Raid poñerá a proba a capacidade dos orientadores galegos coa orientación xunto ca disciplina MTBO, nun percorrido que contamos será do gusto de todos eles.

O evento constará dunha proba en media distancia que forma parte da liga Galega de Orientación MTBO. Fora do calendario de liga, para completar a xornada de orientación, terá lugar un evento popular de trail nocturno de orientación.

A proba celebrarase o sábado **22 de Novembro de 2025**, en horario de mañá e discurrirá por sendeiros e pistas do concello de Bergondo, A Coruña.





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

DESCRIPCIÓN

A **MTBO BERGONDO** consta dunha única proba. Unha carreira en MEDIA distancia con base de orientación a realizar en bicicleta de montaña, na que o percorrido é segredo para os participantes, os cales só coñecerán devandito percorrido cando se lles entreguen os mapas, no momento da saída.

Está expresamente prohibida a progresión fóra dos camiños representados no mapa e autorizados para o efecto mediante símbolos coñecidos por tódolos participantes. Nestes eventos, os participantes comezan de forma gradual, compiten individualmente e non se permiten progresións en grupo nin seguimentos.

Centro de competición e aparcamento, Área deportiva A Senra

<https://maps.app.goo.gl/n7nAs2qny1Bd4DnD7>

Aparcamentos:

Parking de A Senra para os vehículos (no autocaravanas, ni campers para pernoctar).
Aparcamiento na zona interior de A Senra.

Aparcamentos Autocaravanas e Campers e pecnocta:

Zona señalada.



Secretaría e Sportident:

Zona da pista de Atletismo e Anfiteatro.

Zona Duchas

Pabillón polideportivo anexo as instalacións.





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

DATOS TÉCNICOS

PREMIOS

Programa da competición:

- 09:30 Apertura do centro de competición.
- 10:30: Inicio de saídas dos primeiros participantes

PECHE DE CARREIRA: Establécese un tempo máximo de carreira de 150 minutos para todas as categorías.

Tras pasar 150 minutos despois da ultima saída, a organización comezará a retirada de balizas e recollida de material usado para a configuración dos recorridos da proba.

As reclamacións poderán presentarse persoalmente ata 30 minutos despois da chegada do último corredor.

- 13:30: Entrega de trofeos

Campionato Xunta de Galicia (Distancia Media)

Proba Puntuable para o raking de liga MTBO 2025





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

CATEGORIAS

Poderase participar na **MTBO BERGONDO** nas seguintes categorías:

CATEGORÍAS OFICIAIS:

- M-15, F-15: nados en 2010 ou posteriores.
- M-17, F-17: nados en 2008 ou posteriores.
- M-20, F-20: nados en 2005 ou posteriores.
- E, F-E: categorías absolutas, sen límite de idade.
- M-21, F-21: sen límite de idade.
- M-40, F-40: nados en 1985 ou anteriores.
- M-50, F-50: nados en 1975 ou anteriores.
- M-60, F-60: nados en 1965 ou anteriores.
- Absoluta parellas: 2 deportistas de calquera idade e xénero.
- E-bike: de calquera idade e xénero.

CATEGORÍAS NON COMPETITIVAS:

- Promoción: individual, de calquera idade e xénero.

Calquera idade, individual e orientada a ciclistas onde prima a parte física e non a parte técnica de orientación.

Percorridos de orientación moi sinxelos pero fisicamente esixente.

- Iniciación Equipos: equipos de 2 a 5 persoas, de calquera idade e xénero.





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

CRONOMETRAXE

Para a cronometraxe das probas empregarase o sistema electrónico Sportident con estacións **SOLO AIR (BS11-BS, con picada a <180 cm)**, para as que será necesaria una pinza **SIAC AIR**. Estarán dispoñibles pinzas de aluguer para os que o necesiten.

Cronometraxe SportIdent AIR+: estacións SOLO AIR e pinzas SIAC

Non é posible facer picada manual (sen AIR), só se admitirá a picada no mapa mediante pinza tradicional no caso de fallo da estación SportIdent.

É responsabilidade do participante comprobar o estado da batería da SIAC para evitar a falla durante a carreira. Se a SIAC quedase sen batería, o corredor terá erro na tarxeta. No caso de dúbidas co estado da batería, contactar coa organización para substituír a SIAC.

Os resultados da proba poderanse consultar no seguinte enlace:

<https://www.oreplay.es/>

A clasificación publicarase na páxina web da FEGADO, no apartado EVENTOS, xunto co resto de información da proba.





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

MAPA E TRAZADOS

DATOS DO MAPA:

Bergondo Sur

C-1828-16 (registro FEDO)

Autor/es: Javier Arufe Varela

Datos Sujeto Titular: APA_LICEO, FEGADO

Escala: 1:10.000

Equidistancia: 10 m

Tamaño: DIN A3+

Revisión del mapa (oct 2025): Antonio López Peiteado

Trazados: Marcos Silvarrey Oreiro y Antonio López Peiteado

EMBARGO ZONA DE COMPETICIÓN:

Procédese ao embargo da zona de competición. A zona da imaxe mostra a área da competición e declárase en corentena para os participantes na carreira.

Non se poderá adestrar nela dende a publicación deste boletín ata despois da competición





PERCORRIDOS:

TROFEO MTBO VAL DE ESMELLE - MTBO LARGA				
PERCORRIDO	CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
R1	ELITE	19,8 km	415 m	17
R2	FE, M21, M40, EBIKE	18,3 km	410 m	15
R3	F21, M20, AB. PAR, PROMO	16,4 km	335 m	15
R4	F20, F40, M50	14,9 km	285 m	15
R5	F50, M17, M60	12,7 km	240 m	13
R6	F17, F60, M15	11,5 km	225 m	13
R7	F15, INI EQUIPOS	10,8 km	210 m	11

INFORMACIÓN DO TERREO:

A carreira MTBO de Bergondo desenvolverase nunha zona onde predominan as estradas asfaltadas, entre as que se intercalan sendeiros e camiños ocasionais de diferente ciclabilidade. As estradas conectan pequenos núcleos urbanos con numerosos cruzamentos, onde unha orientación precisa será esencial.

Aínda que sempre é importante ler o mapa rapidamente sen descoidar a visión da estrada, tanto pola velocidade da carreira como, sobre todo, pola seguridade, isto é especialmente crucial nesta carreira debido á inevitable presenza de vehículos e peóns (como é habitual, a zona de competición non estará pechada ao tráfico). Para facilitar a rápida lectura do mapa para todos, e especialmente para aqueles con visión “no tan boa”, elixiuse para o mapa a escala 1:10.000 en papel DIN A3+.

En liña co anterior, reforzase a presenza de persoal de seguridade (Policía Local, Protección Civil e organización) para avisar os participantes da presenza doutros usuarios da estrada ou da aproximación a estradas prohibidas.

Por mor das características do terreo, a condición física será un factor determinante en tódolos percorridos, xa que ao predominio de estradas asfaltadas únese un desnivel moderado, con subidas e baixadas continuas. Con todo, será fundamental adaptar a nosa velocidade de carreira ás nosas habilidades de lectura do mapa e navegación, xa que os cruces e cambios de dirección serán continuos.





GALLAECIA RAID

SIMBOLOXÍA UTILIZADA NO MAPA:

	CARRETERA PROHIBIDA
	Carretera >7m
	Carretera <7m
	Pista ciclabilidad rápida
	Pista ciclabilidad fácil
	Pista ciclabilidad media
	Pista ciclabilidad difícil
	Sendero ciclabilidad rápida
	Sendero ciclabilidad fácil
	Sendero ciclabilidad media
	Sendero ciclabilidad difícil

A zona cartografada está atravesada pola autoestrada AP-9, que se cruzará a diferente nivel varias veces a través de pontes e túneles. Ademais de empregar os símbolos correspondentes a estes elementos de cruce, o raiado de estrada prohibida foi interrompido para unha mellor visibilidade.



Nos tramos onde a autoestrada discorre por viadutos, elimínase a cor de fondo do símbolo da autoestrada, mantendo as liñas de contorno, para permitir a vista das estradas e camiños de abaixo.



PRESAÍDA A -10 MINUTOS (1,5 KM ATA A SAÍDA)





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

REGULAMENTO

A proba estará regulada pola normativa aplicable as carreiras de orientación en bicicleta, aprobada pola Federación Galega de Orientación (FEGADO) e a Federación Española de Orientación (FEDO).

A normativa de referencia pódese consultar nas respectivas páxinas web:

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/e3d/678976776e-rev01-normas-anuais-fegado-mtbo-2025_v0.pdf

<https://www.fedo.org/web/ficheros/competicion/o-bm/reglamentos/2025/2025-Reglamento-FEDO-MTBO.pdf>





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

INSCRICIÓNS

As inscricións pódense formalizar a través da plataforma **intranet** de **FEGADO**:

MTBO MEDIA:

<https://intranet.fegado.es/events/view/e5vvxni51ptj/>

O prazo para a inscrición neste evento rematará o domingo 16 de Novembro de 2025 as 23:50

PREZOS POR CARREIRA:

Categorías Oficiais:

- M/F 20 e menores: **7€**
- Resto de categorías: **10€**

Categorías NON Competitivas:

- Tódalas categorías: **10€**

Outros prezos:

- Licenza de un día: **3€**
- Aluguer de SportIdent: **3€**
- Modificación SportIdent unha vez pechadas as inscricións: **2€**
- Modificación SportIdent o día da proba: **5€**
- A perda da tarxeta S.I. conleva o pago de **30 €** (a cargo do competidor)
- Reposición de dorsal (provisional para o evento): **3€**
- Inscricións fora de prazo: Recargo do **100%** da cota correspondente





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios.

Realizarán un único ingreso bancario co importe total, cos seguintes datos:

Conta: ES63 2080 0036 6030 4002 0466 (ABANCA)

Titular: GALLAECIA RAID

Concepto: MTBO BERGONDO + o nome do club

FACTURAS:

As solicitudes de factura se farán mediante este formulario.

<https://form.jotform.com/222923568456364>

INSCRIPCIONS DE NON FEDERADOS:

Os corredores NON federados deberán de inscribirse a través de un club FEDERADO ou facer a súa inscrición a través do club organizador, para que rexistre a súa petición.

Para realizar a solicitude de inscrición de NON FEDERADO e obrigatorio facelo por medio deste cuestionario:

<https://form.jotform.com/250256023715348>

CONFIRMACIÓN DE INSCRIPCION E CAMBIOS:

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario e pago das carreiras.

Toda modificación ou cambio posterior ao peche das inscricións, ou consulta relacionada cas mesmas se pedirá ó club organizador escribindo ao correo electrónico do club:

secretaria@gallaeciaraid.org





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

MEDIO AMBIENTE

Dentro do noso compromiso co medio ambiente, os Clubes acordaron adoptar una serie de medidas dentro do área de competición, dende o punto de vista ecolóxico.

Por iso, non realizaremos marcas nin sinais identificativas permanentes para a proba. Tan só poderían estar marcados como información e seguridade (mediante cinta de balizado) tránsitos curtos dende a saída (cintas reutilizadas de carreiras previas).

Empregaremos pancartas da zona de saída, reutilizadas de carreiras previas. Tamén procederemos á retirada de todo tipo de sinalizacións instalada o mesmo día da proba e tras a finalización desta, así como á eliminación de todos os residuos eventualmente xerados.

Nos puntos de concentración como a Secretaría, colocaranse diferentes contedores para a selección de residuos, polo que rogamos a colaboración de tódolos corredores no proceso de reciclaxe.

Rogamos a todos os participantes compartir coche para achegarse ao evento, co obxectivo de reducir a emisión de CO₂.

Para o avituallamento líquido disporase de garrafas de auga, e os participantes deberán aportar o seu propio bidón ou vaso reutilizable para o seu uso. Non se utilizarán vasos de plástico nin reciclados. O avituallamento sólido será fruta sen empaquetado e colocada en recipientes reutilizables.

Os resultados da proba comunicaranse de forma online para eliminar a utilización de papel agás sexa indicado o contrario polo xuíz de cronometraxe o día do evento.





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA**RAID**

ORGANIZACIÓN

Club organizador: **Gallaecia Raid**
Dirección de Carreira: **Claudia Oreiro**
Director Técnico: **Pablo López e Antonio López**
Xefe de Seguridade: **Fernando Silvarrey**
Xuíz Controlador: **Jorge Piñeiro**
Xuíz Cronometrador: **Claudia Oreiro y Jose Manuel González**

Datos de contacto: Club Gallaecia Raid
Claudia Oreiro
606326755
secretaria@gallaeciaraid.org





CONCELLO DE
Bergondo

GALLAECIA RAID

COLABORACIÓN E PATROCINADORES

ORGANIZA

CONCELLO DE
Bergondo

Ano 2025
Florencio
Vaamonde Lores



GALLAECIA RAID



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

